

Convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Fundación Paideia Galiza para a xestión e realización das actividades do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais ao amparo dos fondos NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) formalizou coa Fundación Paideia Galiza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes para a xestión dos fondos destinados ás persoas e entidades beneficiarias nas accións e actividades que comprenden o programa Aceleración Cultural de Proxectos Musicais que serán seleccionados, por concorrencia competitiva, entre os solicitantes da convocatoria pública que se realizará para o efecto, co fin de fortalecer e impulsar o sector profesional da música en Galicia.

Esta aceleración consta de dúas fases: unha primeira fase de aceleración e unha segunda fase de promoción e mercados.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

Primeiro. A Axencia Galega das Industrias Culturais está a desenvolver diferentes programas de impulso no ámbito das industrias culturais e creativas co obxectivo de situar a Galicia como un referente na xeración de bens e servizos culturais cun alto valor innovador que permita incrementar a súa competitividade a nivel global e posibilitar un crecemento das empresas galegas en toda a cadea de valor do ámbito cultural.

Segundo. Que a Axencia Galega das Industrias Culturais traballa no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o seu compoñente 24 "Revalorización da industria cultural", que recolle reformas e investimentos orientadas a fortalecer a cadea de valor das industrias culturais españolas promovendo tres eixes estratéxicos: a competitividade, a dinamización e cohesión do territorio, e a dixitalización e sustentabilidade dos grandes servizos culturais, desenvolve unha liña de traballo acorde con devandito compoñente e o proxecto C.24.I1.P1.2 "Apoio a aceleradoras culturais".

Terceiro. O programa de Aceleración Cultural de Proxectos Musicais é un programa de aceleración empresarial e está dirixido a proxectos emprendedores no ámbito da música, polo que as persoas ou entidades beneficiarias deberán ser novas empresas, físicas (autónomas) ou xurídicas, con menos de catro anos de existencia, desde o seu inicio de



actividade en calquera dos ámbitos da cadea de valor da industria musical con sucursal ou oficina permanente na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia. Tamén poderán ser beneficiarias as persoas físicas co compromiso de que formalizarán a súa constitución como empresa antes do inicio do proceso de aceleración, unha vez aceptada a súa condición de persoa beneficiaria para participar no programa.

Cuarto. A entidade Fundación Paideia Galiza conforme á resolución da Agadic de data 13 de decembro de 2022 resultou seleccionada como entidade colaboradora na xestión e realización do programa da Aceleradora Cultural de Proxectos Musicais.

Quinto. Ambas partes, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación dos servizos ás persoas e entidades beneficiarias do programa e, de conformidade cos artigos 9 e 13 de Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordaron subscribir o convenio de colaboración obxecto desta memoria xustificativa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

